

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 14 de outubro de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
D. Angel Rivas González.

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día catorce de outubro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(976).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta ratifica a urxencia da sesión.

**2(977).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE PAVIMENTOS DEPORTIVOS ELÁSTICOS NA PISTA VERMELLA DO COMPLEXO DEPORTIVO DAS TRAVESAS E NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE TEIS. EXPTE. 15265/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 30/06/16 e o informe de fiscalización do 07/10/16, dáse conta do informe-proposta do 05/10/16, do coordinador deportivo, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“1.- Antecedentes:

Con data 22/07/2016, a Xunta de Goberno Local aprobou os proxectos de execución das obras redactadas polos arquitectos municipais D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, referentes os proxectos:

- Proxecto básico e de execución para a INSTALACIÓN DUN PAVIMENTO DEPORTIVO ELÁSTICO NA PISTA VERMELLA DO COMPLEXO DEPORTIVO DE AS TRAVESAS, de data 30/06/2016 e anéxase ao expediente 15223-333, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído, é de cento sete mil douscentos setenta e oito euros con vintecinco céntimos -107.278,25 €.- O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES meses.
- Proxecto básico e de execución para a INSTALACIÓN DUN PAVIMENTO DEPORTIVO ELÁSTICO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE TEIS, de data 30/06/2016 e anéxase ao expediente 15222-333, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído, é de cento doce mil setecentos vinte e un euros con setenta e catro céntimos -112.721,74 €.- O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES meses.

Para a execución destas obras, procederase de acordo coa Orde de Inicio do concelleiro-delegado de Deportes de data 1 de decembro de 2015, e iniciouse o correspondente expediente de contratación por lotes.

No expediente inclúese a seguinte documentación:

1. Aprobación pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de xullo de 2016 dos proxectos básicos e de execución das obras:  
 LOTE Nº1: Proxecto básico e de execución para a INSTALACIÓN DUN PAVIMENTO DEPORTIVO ELÁSTICO NA PISTA VERMELLA DO COMPLEXO DEPORTIVO DE AS TRAVESAS. (expte 15223-333)  
 LOTE Nº2: Proxecto básico e de execución para a INSTALACIÓN DUN PAVIMENTO DEPORTIVO ELÁSTICO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE TEIS. (expte 15222-333)  
 Ambos os dous proxectos inclúen o PPT.
2. Actas de replanteo asinadas polos arquitectos municipais con data de 7 de xullo de 2016.
3. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Director Deportivo-Xefe da Unidade Técnico Deportiva o 2 de agosto de 2016.
4. Orde de inicio do expediente asinada polo Concelleiro Delegado de Deportes de data de 2 de agosto de 2016.
5. Memoria xustificativa do contrato asinada polo Director Deportivo- Xefe da Unidade Técnico Deportiva e o Concelleiro Delegado de Deportes o 3 de agosto de 2016.
6. Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado e asinado pola técnica administración xeral de Contratación e a xefa do Servizo de Contratación o 29/09/2016.
7. Informe xurídico favorable, emitido pola Asesoría Xurídica, de data 30 de setembro de 2016, e asinado pola xefa de asesoramento de Asesoría Xurídica e a Titular de Asesoría Xurídica.
- 8.

## 2.- Condicións definitivas do contrato:

Destacan as seguintes:

### *a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato:*

O obxecto destas actuacións contempla a execución das obras re renovación dos pavimentos deportivos destas dúas instalacións, e de forma específica atende as seguintes peculiaridades:

## PROXECTO DE INSTALACIÓN DE PAVIMENTO DEPORTIVO ELÁSTICO NA PISTA VERMELLA DO COMPLEXO DEPORTIVO DAS TRAVESAS

- O proxecto de instalación dun pavimento deportivo flexible e elástico na pista vermella do complexo polideportivo das Travesas executarase na instalación existente co obxecto de substituír o pavimento co que conta a pista na actualidade.
- A pista polideportiva ten unhas dimensións totais de 45'00 m \* 29'00 m. Existe unha zona, baixo o pasillo do primeiro andar de acceso ó graderío, na que está instalado un graderío motorizado que ocupa un ancho de 1'50 m cando se atopa recollido.
- Polo tanto, o pavimento deportivo ten unha superficie total de 45'00 m \* 27'50 m o que supón unha superficie de pavimento elástico de 1.237'50 m<sup>2</sup>.
- A superficie ocupada polo graderío retráctil é de 45'00 m \* 1'50 m, o que supón unha superficie total de 67'50 m<sup>2</sup> que terán que resolverse con outro tipo de pavimento.
- O pavimento existente na actualidade na pista polideportiva é un pavimento sintético sobre unha base de formigón armado polo que se trata dun pavimento ríxido sen elasticidade nin flexibilidade.
- Os accesos á instalación resolveranse a traveso das diversas entradas cas que conta a edificación.
- A existencia dun graderío retráctil conleva a necesidade de adaptalo ó novo nivel da pista e executa-los reforzos no pavimento necesarios para que os rodamentos do graderío poidan desprazarse.

## PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A INSTALACIÓN DUN PAVIMENTO DEPORTIVO ELÁSTICO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE TEIS

- O proxecto de instalación dun pavimento deportivo flexible e elástico no pavillón polideportivo de Teis executarase na pista polideportiva existente na planta baixa da edificación.
- A superficie total da pista polideportiva é de 1.215'00 m<sup>2</sup> (45'00 m \* 27'00 m). As zonas de conexión cos accesos á pista dende os vestiarios acadan unha superficie aproximada de 10'00 m<sup>2</sup>.
- A superficie total, incluíndo pista polideportiva e enlace con zonas de acceso, é de 1.225'00 m<sup>2</sup>.
- O acceso á zona de traballo pode ser polo acceso de deportistas dende os pasillos de vestiarios ou ben directamente dende o exterior da instalación xa que conta con portas de acceso dende a rúa á pista.

Estes dous proxectos, teñen por obxecto a mellora de aspectos esenciais destas instalacións mellorando o pavimento deportivo da pista de xogo, mediante a instalación de novos, o que implicará unha mellora funcional dos servizos que poda ofrecer a instalación e unha maior utilización e rendabilización destas instalacións.

O contrato, polo seu obxecto, será de obras por lotes, segundo o previsto no artigo 6 e 86 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 L) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

*b.- Procedemento de adxudicación /forma de tramitación:*

A forma de tramitación é a ordinaria e procedemento de tramitación é o aberto. De acordo co artigo 86.2 do TRLCSP, a xustificación da inclusión de dous lotes atopase vinculada a existencia de dous proxectos a executar en instalacións distintas, polo cal cada unha conta cun proxecto de obra propio, pero o ámbito das actuacións teñen unha identificación común en relación a tipoloxía das obras a realizar polo cal, se propón a inclusión destes proxectos como lotes nun único procedemento de licitación.

*c.- Orzamento base de licitación/partida orzamentaria:*

En cumprimento do artigo 86 e 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato por lotes, están determinados en base os proxectos, aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 22/07/2016, nos que figuran os orzamentos básicos de licitación, que resultan adecuados para o efectivo cumprimento do obxecto dos contratos e de acordo cos prezos xerais do mercado, os cales atópanse descompostos nas unidades vinculadas os proxectos, teñen os seguintes importes para os seguintes lotes:

- LOTE Nº 1: Proxecto básico e de execución para a INSTALACIÓN DUN PAVIMENTO DEPORTIVO ELÁSTICO NA PISTA VERMELLA DO COMPLEXO DEPORTIVO DE AS TRAVESAS, de data 30/06/2016 e anéxase ao expediente 15223-333, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído, é de cento sete mil douscentos setenta e oito euros con vintecinco céntimos -107.278,25 €.
- LOTE Nº 2: Proxecto básico e de execución para a INSTALACIÓN DUN PAVIMENTO DEPORTIVO ELÁSTICO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE TEIS, de data 30/06/2016 e anéxase ao expediente 15222-333, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído, é de cento doce mil setecentos vinteun euros con setenta e catro céntimos -112.721,74 €.

En base aos dous lotes, o importe base de licitación para o presente expediente de contratación e de DOUSCENTOS DAZANOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE (219.999,99 €), sendo o importe correspondente o IVE o de (38.181,82 €.).

O valor estimado do contrato estipulase en (218.181,80 €)

3.1.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

O importe do contrato establécese en DOUSCENTOS DAZANOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE (219.999,99 €), sendo o importe

correspondente o IVE o de (38.181,82 €.). O dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 3420.632.00.40" Investimentos de reposición pavimentos deportivos", de acordo coa seguinte distribución en anualidades:

	2016	2017	
Lote nº 1	107.278,25 €	96.278,25 €	11.000,00 €
Lote nº 2	112.721,74 €	100.721,74 €	12.000,00 €
	219.999,99 €	196.999,99 €	23.000,00 €

O gasto proposto, estableceuse tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exigencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atopase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento, Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

*d.- Revisión de prezos:*

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos.

*e.- Prazo de execución e prórroga:*

Lote 1: de acordo co proxecto de execución das obras, o prazo máximo de execución establécese en 3 meses.

Lote 2: de acordo co proxecto de execución das obras, o prazo máximo de execución establécese en 3 meses.

Dito prazo poderá ser prorrogado polo órgano de contratación, en resolución motivada, cando concorran algunhas das seguintes causas:

- A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder da metade do prazo inicial.
- O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ó contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ó perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.
- Cando o órgano de contratación, no suposto de incumprimento dos prazos por causas imputables ó contratista e conforme ó artigo 212.4 e 7 do TRLCSP, opte pola imposición de penalidades e non pola resolución, concederá a ampliación do prazo polo tempo que estime necesario para a terminación do contrato.

- d) A suspensión do cumprimento do contrato a instancia do contratista cando o Concello se demore no pago do prezo máis de catro meses conforme o disposto no artigo 216.5 do TRLCSP. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ó que tiña permanecido suspendido.
- e) Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ó que tiña permanecido suspendido.

*f.- Prazo de garantía:*

Establécese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende que se asine a acta de recepción das obras. Poderá ser ampliado polos licitadores nas súas ofertas.

*g.- Esixencia de Clasificación ou no seu caso solvencia:*

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para os licitadores que se presenten de maneira individualizada a calquera das combinacións dos lotes, pero poden acreditar a solvencia económica e financeira do seguinte xeito:

LOTE 1 acreditando GRUPO C, SUBGRUPO 6, CATEGORÍA 1.

LOTE 2 acreditando GRUPO C, SUBGRUPO 6, CATEGORIA 1.

Lotes 1 y 2: acreditando: GRUPO C, SUBGRUPO 6, CATEGORÍA 2

*h.- Modificación do contrato:*

Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación os seguintes criterios:

h.1.- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas coas desmontaxes, marcaxes e as específicas dos pavimentos a instalar.

h.2.- Circunstancias que determinan a modificación: No caso que no ámbito das actuacións previstas no proxecto de obra, aparezan condicións técnicas específicas, distintas as recollidas no proxecto.

h.3.- Limites da modificación: A contía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato.

h.4.- Especialidades, no seu caso, do procedemento de contratación: Non se contemplan.

*i.-Subcontratación:*

Autorízase co límite máximo do 50 %.

*j.- Responsable do Contrato:*

O responsable do Contrato será o director deportivo-xefe da Unidade Técnica. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal para o seguimento da obra.

*k.- Criterios de valoración e xustificación dos mesmos:*

En relación aos criterios de valoración das ofertas, todos eles vinculados ao obxecto do contrato, dáse máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do contrato se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas (80%), deixando o 20 % restante para criterios avaliábles mediante xuízo de valor. A aplicación dos criterios se atopan recollidos nos apartados 8.A e 8.B das FEC no PCAP de acordo a seguinte distribución:

Criterios de adxudicación		Puntuación	
<b>Criterios avaliábles mediante xuízo de valor</b>			
Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra	Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar	5	15
	Análise do ámbito de actuación da obra e os procesos de implantación de medios para a obra, para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto	5	
	Proposta de planificación da obra en relación aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución da obra	5	
Plan de control de calidade	Plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto.	2	3
	Plan de autocontrol interno da empresa	1	
Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais	Boas prácticas na execución da obra que permitan reducir o consumo enerxético ou de materias primas	1	2
	Actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmósfera, recollida selectiva ou procesos de reciclado	1	
<b>Criterios avaliábles mediante fórmula</b>			

Crterios de adxudicación	Puntuación
Redución do prezo	70
Incremento do prazo de garantía (respecto do mínimo esixido, que se establece en 12 meses)	10
<b>Total</b>	<b>100</b>

L.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas.

En relación a determinación do criterio aplicable para a valoración da existencia de ofertas o proposición con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas referentes as obras obxecto deste expediente, débense ter en conta os aspectos expostos na memoria de xustificación dos criterios de avaliación deste expediente no cal se determina e xustifica os seguintes aspectos:

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados se considerará que están incursas nesa situación (baixa temeraria) as proposicións en relación a oferta económica cunha baixa ofertada ( $B_i$ ), que cumpra as seguintes condicións:

10.1. Exceda en ( $K \cdot \delta'$ ) ó valor da "baixa de referencia" ( $B_r$ ), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa igual ou superior a cinco.

Presunción de temeridade:  $B_i > B_r + (K \cdot \delta')$  si  $n \geq 5$

Sendo:

$B_i$  = Baixa da oferta realizada sobre o prezo de licitación, a cal será calculada coma a porcentaxe que represente (o importe da suma da baixa ofertada -IVE excluído-) co orzamento base de licitación (IVE excluído). O valor será expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído) de todas as proposicións admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados.

$B_r$  = valor mínimo entre ( $B_m$  ou  $B'm$ )

$B_m$  = Baixa media calculada

$$B_m = \frac{\sum_{i=1}^n B_i}{n}$$



B'm = media aritmética das (Bi) ofertadas que cumbran a condición seguinte:

$$(B_m - \delta) \leq B_i \leq (B_m + \delta)$$

$\delta$  = desviación típica calculada

$$\delta = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}{n}}$$

K = factor de temeridade, este factor será definido en relación os seguintes criterios:

Para  $\text{Min}(B_m, B_m') \leq 10\%$

SI $\sigma' \leq 0,5$ ;	K=5,0
SI $\sigma' > 0,5$ y $\leq 1$ ;	K=2,5
SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$ ;	K=1,5
SI $\sigma' > 1,5$ y $\leq 2$ ;	K=1,3
SI $\sigma' > 2$ y $\leq 3$	K=1,0
SI $\sigma' > 3$	K=0,6

Para  $\text{Min}(B_m, B_m') > 10\%$  y  $\leq 18\%$

SI $\sigma' \leq 0,5$ ;	K=3,5
SI $\sigma' > 0,5$ y $\leq 1$ ;	K=1,8
SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$ ;	K=1,3
SI $\sigma' > 1,5$ y $\leq 2$ ;	K=1,0
SI $\sigma' > 2$ y $\leq 3$	K=0,7
SI $\sigma' > 3$	K=0,5

Para  $\text{Min}(B_m, B_m') > 18\%$

SI $\sigma' \leq 0,5$ ;	K=3,0
SI $\sigma' > 0,5$ y $\leq 1$ ;	K=1,5
SI $\sigma' > 1$ y $\leq 1,5$ ;	K=1,1
SI $\sigma' > 1,5$ y $\leq 2$ ;	K=0,8
SI $\sigma' > 2$ y $\leq 3$	K=0,5
SI $\sigma' > 3$	K=0,4

$\delta'$  = desviación típica das (Bi) ofertadas que cumbran a anterior condición sinalada para o cálculo de B'm

n = Número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados

2. Exceda en 2.5 ou máis unidades porcentuais ó valor da “baixa de referencia” (Br), no caso de que o número de empresas licitadoras admitidas (tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados) sexa inferior a cinco.

Para este suposto de menos de 5 empresas licitadoras admitidas; Br = media aritmética das (Bi) ofertadas.

Presunción de temeridade:  $Bi > Br + 2.5$  si  $n < 5$

Para calcular a baixa de referencia seguiranse as instrucións especificadas no punto anterior. Para os efectos de establecer este promedio terase en conta que cando as empresas que formen parte dun mesmo grupo, segundo os supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio, presenten distintas proposicións, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as do grupo.

m.- Garantía complementaria:

Establece os supostos no que se debe constituír garantía complementaria no apartado 10.B das FEC.

Previamente a efectuar a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

### 3.- Proposta:

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: aprobar a contratación a través de procedemento aberto por lotes e tramitación ordinaria das obras dos proxectos seguintes:

- LOTE Nº 1: Proxecto básico e de execución para a INSTALACIÓN DUN PAVIMENTO DEPORTIVO ELÁSTICO NA PISTA VERMELLA DO COMPLEXO DEPORTIVO DE AS TRAVESAS, de data 30/06/2016 e anéxase ao expediente 15223-333, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído, é de cento sete mil douscentos setenta e oito euros con vintecinco céntimos -107.278,25 €.
- LOTE Nº 2: Proxecto básico e de execución para a INSTALACIÓN DUN PAVIMENTO DEPORTIVO ELÁSTICO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE TEIS, de data 30/06/2016 e anéxase ao expediente 15222-333, cuxo orzamento base de licitación, IVE incluído, é de cento doce mil setecentos vinteun euros con setenta e catro céntimos -112.721,74 €.

Segundo: aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 29/09/2016.

Terceiro: autorizar o gasto por un importe máximo de DOUSCENTOS DAZANOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE (219.999,99 €), sendo o importe correspondente o IVE o de (38.181,82 €.).

Trátase dunha obra de carácter plurianual. Para a súa financiación, aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3420.632.00.40" Investimentos de reposición pavimentos deportivos", de acordo coa seguinte distribución en anualidades:

		2016	2017
Lote nº 1	107.278,25 €	96.278,25 €	11.000,00 €
Lote nº 2	112.721,74 €	100.721,74 €	12.000,00 €
	219.999,99 €	196.999,99 €	23.000,00 €

En relación ao proceso de adxudicación debe indicarse que de producirse baixa no prezo de adxudicación, a contía da baixa será de aplicación no importe que corresponda na anualidade do ano 2017.

Cuarto: Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 11,68 %.

Cuarto: abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(978).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA OPERADOR/A INFORMÁTICO/A, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. EXPTE. 28749/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/10/16, dáse conta do informe-proposta do 06/10/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

"ANTECEDENTES

O Xefe do Servizo de Administración Electrónica, coa conformidade do Concelleiro-delegado da Área de Novas Tecnoloxías, a través de escrito de data 22 de marzo de 2016, solicita a incorporación de un Operador Informático para o seu servizo, que permita dar cobertura a actual carga de traballo existente no mesmo, como é a atención directa aos usuarios de equipos informáticos, dado o gran número destes, agravado pola existencia dunha vacante no propio Servizo, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

En resposta a dito escrito, mediante instrución de servizo de data 05/10/2016, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local, dun/dunha dun operador/a de informática por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Administración Electrónica, nos termos da solicitude do seu Xefe do Servizo que conta coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Novas Tecnoloxías, de data 22 de marzo de 2016.

En cumprimento do ordenado, con data 05/10/2016, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 124-Operador/a de Informática), adscrito ao Servizo de

*Administración Electrónica, cód. 113) da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.*

*O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.*

*Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantitativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

*En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.*

## *II. Xustificación da necesidade e urxencia:*

*Segundo consta no escrito do Xefe do Servizo de Administración Electrónica que conta coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Administración Electrónica, de data 22 de marzo de 2016, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 05/10/2016, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do funcionario informante, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das*

*Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación deste servizo dunha competencia recollida no apartado 3º das referidas Instrucións, xa que se trata dun servizo interno ou central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento do Concello.*

### *III. Proposta de gasto:*

*De acordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha operador/a de informática para o Servizo de Administración Electrónica, supón un gasto de 11.588,82€, (dos que 4.828,68 corresponden ao presente exercicio 2015 e, 6.760,14€ ao vindeiro exercicio 2017) e, ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.720,00€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas.*

*O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.*

### *IV. Verificación das listas de reserva:*

*Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente."*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.*

*Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionario/a de carreira de unha praza de Operador Informático, pola*

quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 30 de novembro de 2011 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionario/a de carreira con data 1 de febreiro de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura un único aspirante que, a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria, pasa a formar parte dunha lista de substitucións aos efectos de poder ser nomeado/a ou contratado/a como persoal interino ou laboral.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 11/12/2015, aprobou as bases reitoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Enxeñeiros/as Técnicos/as en Topografía, Subgrupo A2 de Titulación, expte. 27061/220, bases que foron publicadas no BOP de data 12 de xaneiro de 2016.

Na base VII desta convocatoria de bolsa de emprego, establecíase que os/as aspirantes que superasen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarían parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na actualidade polo mesmo artigo do TREBEP, e normativa de concordante aplicación.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urgente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

De acordo co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 05/10/2016, seguindo estritamente a orde da lista e consultados os datos que obran na Área de Recursos Humanos e Formación, corresponde o nomeamento como operador/a de informática do único aspirante que figura na lista D. ABRAHAM VICENTE RODRÍGUEZ, DNI 76.909.190-L, que aceptou expresamente mediante escrito de data 05 de outubro actual, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos que obran no programa informático de xestión de persoal, verifícase que o aspirante proposto D. Abraham Vicente Rodríguez, prestou servizos nesta Administración como Operador Informático (art. 10.1.d) do TREBEP, dende 28/09/2015 ata o 27/03/2016, polo que está en condicións de ser nomeado ao ter transcorrido mais de seis meses dende que rematou o anterior nomeamento.

#### V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Operador/a de Informática, subgrupo C2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Administración Electrónica, contida no escrito do 22/03/16, en consecuencia, autorizar o gasto por 11.588,82€, (dos que 4.828,68 corresponden ao presente exercicio 2015 e, 6.760,14€ ao vindeiro exercicio 2017), xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

**SEGUNDO:** Nomear funcionario interino por acumulación de tarefas como Operador Informático, por un período máximo de seis meses, á D. ABRAHAM VICENTE RODRÍGUEZ, DNI 76.909.190-L, na súa condición de único aspirante que superou tódolos exercicios na última convocatoria para a provisión de unha praza de Operador Informático, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais das mesmas.

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 124-Operador/a Informática, sendo adscrito ao Servizo de Administración Electrónica (cód. 440), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de



*acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.*

*QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado ao Xefe do Servizo de Administración Electrónica, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(979).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE CATRO AUXILIARES DE ADMÓN. XERAL, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 28695/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/10/16, dáse conta do informe-proposta do 10/10/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

**"ANTECEDENTES**

*A Xefa do Servizo de Benestar Social, coa conformidade do Xefe da Área e da concelleira-delegada da área de Política Social, a través de escrito de data 11/08/2016, reitera a necesidade de dotar ao Servizo dos medios humanos necesarios que garantan a prestación do servizo, e procedendo, entre outros, a ampliación de novos efectivos que se relacionan:*

**c) Para os Servizos Sociais Comunitarios Básicos :**

- *6 Traballadoras Sociais de apoio para as Unidades de Traballo Social, aos efectos de poñer ao día as tramitacións de prestacións, actualmente cun atraso medio de tres meses.*
- *4-Auxiliares Administrativos, xa que logo os catro contratados remataron a súa relación laboral o 15 de setembro pasado, e son necesarios para atención ao público e manter a tramitación administrativa ao día.*

*En resposta a dito escrito, mediante instrución de servizo de data 23 de setembro de 2016 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de catro auxiliares de*

*administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, nos termos da solicitude da súa Xefa do Servizo que conta coa conformidade tanto da xefatura da Área como da concelleira-delegada de Política de Benestar, de data 11 de agosto de 2016.*

*En cumprimento do ordenado, con data 013/10/2016, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).*

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

*Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), adscrito ao Servizo de Benestar Social, cód. 301) da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.*

*O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no*

*ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.*

*Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

*En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.*

## **II. Xustificación da necesidade e urxencia:**

*Segundo consta no escrito da Xefa do Servizo de Benestar Social que conta coa conformidade tanto da xefatura da Áreaa como da concelleira-delegada de Política de Benestar, de data 11 de agosto de 2016, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 23/09/2016, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do funcionario informante, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación deste servizo como obrigatorio e prioritario, sendo unha das competencias propias das recollidas no art. 25.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno*

Local, na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación.

### **III. Proposta de gasto:**

De acordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de catro auxiliares de administración xeral para o Servizo de Benestar Social, supón un gasto de 43.420,56€, (dos que 18.091,90 corresponden ao presente exercicio 2016 e, 25.328,66€ ao vindeiro exercicio 2017) e, ao que haberá que engadirse a cantidade de 13.937,98€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

### **IV. Verificación das listas de reserva:**

Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente."

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a

*cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.*

*De acordo co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 05/10/2016, seguindo estritamente a orde da lista e consultados os datos que obran na Área de Recursos Humanos e Formación, corresponde o nomeamento como auxiliares de administración xeral das aspirantes núms. 24-Dª. NURIA NÚÑEZ ABOY, DNI 36.084.011-R e Dª. ROSA Mª. GAMALLO REY, DNI 35.451.918-V, que aceptaron expresamente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.*

*Consultados os datos que obran no programa informático de xestión de persoal, verifícase que as aspirantes propostas Sras. Núñez Aboy e Gamallo Rey, prestaron servizos nesta Administración como Auxiliares administrativas (art. 10.1.d) do EBEP, dende 01/09/2015 ata o 29/02/2016 e, dende o 16/04/2015 ata o 12/10/2015, exptes. 26948/220 e, 22983/220, polo que están en condicións de ser novamente nomeadas ao ter transcorrido mais de seis meses dende que remataron os anteriores nomeamentos.*

*Toda vez que neste intre non existen candidatos/as en disposición de ser nomeados por acumulación de tarefas da lista derivada da execución da última oferta de emprego público a que se refire o anterior parágrafo, os/as aspirantes que aínda permanecen na lista atópanse prestando servizos neste Concello ou non cumpren o período mínimo de seis meses dende o remate do seu último nomeamento neste Concello tal e como establece o art. 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), polo que procede recorrer a lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015.*

*Seguindo estritamente a orde da Bolsa de Emprego a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde, aos efectos de completar a proposta, o nomeamento como auxiliares de administración xeral por acumulación de tarefas, das aspirantes núms. 14-Dª. MARTA VARELA COSTAS, DNI 36.092.432-G e núm. 18-VAZQUEZ DOMÍNGUEZ, MÓNICA, DNI 36.078.630-W, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron nesta Área de Recursos Humanos e Formación todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.*

*Na base VII desta convocatoria de bolsa de emprego, establecíase que os/as aspirantes que superasen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarían parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor*

cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na actualidade polo mesmo artigo do TREBEP, e normativa de concordante aplicación.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

#### **V. Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **Auxiliares de Administración Xeral**, subgrupo C2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contida no escrito do 13/08/16, en consecuencia, autorizar o gasto por 43.420,56€, (dos que 18.091,90 corresponden ao presente exercicio 2016 e, 25.328,66€ ao vindeiro exercicio 2017), xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas como **Auxiliares de Administración Xeral**, por un período máximo de seis meses, á **D<sup>a</sup>. NURIA NÚÑEZ ABOY, DNI 36.084.011-R, D<sup>a</sup>. ROSA M<sup>a</sup>. GAMALLO REY, DNI 35.451.918-V, D<sup>a</sup>. MARTA VARELA COSTAS, DNI 36.092.432-G e D<sup>a</sup>. MÓNICA VAZQUEZ DOMÍNGUEZ, DNI 36.078.630-W**, na súa condición de aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliares de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008,

de conformidade coas bases xerais da mesma ou ben que superaron tódolos exercicios da oposición na última bolsa de emprego autorizada pola Xunta de Goberno Local de data 16/01/2015.e, no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

**TERCEIRO:** *Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendos adscrito ao Servizo de Benestar Social (cód. 301), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

**CUARTO:** *Establecer que a xornada laboral das funcionarias interinas nomeadas desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.*

**QUINTO:** *Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado ao Xefe do Servizo de Benestar Social, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(980).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE CINCO SUBALTERNOS, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, CATRO PARA CONSERXERÍA E UN/UNHA PARA O SERVIZO DE MUSEOS. EXPTE. 28681/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/10/16, dáse conta do informe-proposta do 11/10/16, do técnico de Organización e

Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

#### **“ANTECEDENTES**

*Con data 31 de agosto de 2016, a Xefa de Subalternos, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de catro subalternos/as por mor da situación existente no Servizo pola escaseza de efectivos existentes no mesmo para cubrir os servizos nos distintos edificios municipais (Casa do Concello, edificio do Reitorado, etc), debido o incremento de actividades experimentado nos mesmos, agravado polas baixas de enfermidade de longa duración coas que conta na actualidade e, as sete prazas vacantes por xubilación existentes no mesmo.*

*Así mesmo, con data 08/09/2016, o Concelleiro-delegado da Área de Cultura remite escrito a este Servizo de RRHH en relación a petición da Técnica de recursos e programas do Museo Municipal “Quiñones de León”, no que expón a carencia de persoal subalterno.*

*En resposta a dito escrito, mediante instrución de servizo de data 23 de setembro de 2016, o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal prestou conformidade á referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino de cinco subalternos/as por acumulación de tarefas da lista de substitucións ou bolsa de efectivos resultante da última oferta de emprego público correspondente ao ano 2008, previsto no artigo 10.1.d), do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, á maior brevidade posible., por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades dos Servizos de Conserxería e Museos, nos termos das solicitudes das responsables dos Servizos de datas 31 de agosto e 08 de setembro de 2016.*

*En cumprimento do ordenado, con data 10/10/2016, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).*

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

##### **I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

*Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*



*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-Ordenanza/Porteiro, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.*

*O artigo 10.6 do EBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.*

*Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantitativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

*En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde -07,30 a 15,00 e de 14,30 a 22,00, segundo as necesidades dos respectivos Servizos, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.*

## **II. Xustificación da necesidade e urxencia:**

*Segundo consta nos escritos das responsables dos Servizos de datas 31 de agosto e 08 de setembro de 2016, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 23 de setembro seguinte, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do funcionario informante, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016 e, de*

igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación deste servizo como un servizo público interno, de carácter transversal que vai permitir a atención dos edificios da casa do concello e dos museos municipais, tratándose de tarefas imprescindibles para o normal desenvolvemento das súas actividades e a conseguinte información e atención aos cidadáns, sendo as súas funcións as previstas na guía de funcións do posto de subalterno e, as previstas no artigo 169.1.e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, considerándose a prestación deste Servizo, dependente da Área de Réxime Interior e, Cultura e Museos, como servizo público esencial, infórmase favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

### **III. Proposta de gasto:**

De cordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de cinco subalternos/as para os Servizos de Educación e Museos, supón un gasto de **52.394,05 €** (do que **21.830,85€** se corresponden ao presente exercicio orzamentario (**2,5 meses**) e, 30.563,20€ (3,5 meses) ao vindeiro exercicio 2017), ao que haberá que engadirse a cantidade de 16.962,55 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

### **IV. Verificación das listas de reserva:**

Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente."

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3

anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”, a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, en execución da última oferta de emprego público do 2008 deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de 11 prazas de subalterno/a de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 11 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión das súas prazas como funcionarios/as de carreira con data 1 de febreiro seguinte, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro anterior.

Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/das 44 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do TREBEP, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria, pasan a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser nomeados/as ou contratado/a/s como persoal interino ou laboral.

De acordo co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 31/08/2016, seguindo estritamente a orde da lista e consultados os datos que obran na Área de Recursos Humanos e Formación, corresponde o nomeamento como subalternos/as dos/das aspirantes que figuran nas posicións núms. 2-SÁNCHEZ CARRASCO, TERESA, DNI 07.837.404-Q, 4-VEGA PRIETO, SUSANA, DNI 46.840.215-W, 5-VILLAMOR ÁLVAREZ, JESÚS ANGEL, DNI 36.136.095-J, 7-CRUZ RODRÍGUEZ, MONTSERRAT, DNI 76.997.201-D e, 30-IGLESIAS PÉREZ, ROSA, DNI 34.940.664-F, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron neste Área de Recursos Humanos e Formación todos e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño do posto, segundo o disposto no artigo 10.1.d) do TREBEP.

## **V. Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de cinco funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como subalternos/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades dos Servizos de Conserxería e, Museos, contidas nos escritos do 31 de agosto e 08 de setembro de 2016 e, en

consecuencia, autorizar o gasto por importe de **52.394,05€**, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento. Do referido importe, **21.830,85€ corresponden ao presente exercicio orzamentario (2,5 meses)** e, 30.563,20€ (3,5 meses) ao vindeiro exercicio 2017.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D<sup>a</sup>. TERESA SÁNCHEZ CARRASCO, DNI 07.837.404-Q, D<sup>a</sup>. SUSANA VEGA PRIETO, DNI 46.840.215-W, D. JESÚS ANGEL VILLAMOR ÁLVAREZ, DNI 36.136.095-J, D<sup>a</sup>. MONTSERRAT CRUZ RODRÍGUEZ, DNI 76.997.201-D e, D<sup>a</sup>. ROSA IGLESIAS PÉREZ, DNI 34.940.664-F**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Subalternos/as de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155-Subalterno/a, sendo adscritos/as catro deles ao Servizo de Conserxería (cód. 201), partida funcional 920.0 e, o restante ao Servizo de Museos, cód. 014, partida funcional 333.0, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades dos respectivos Servizos que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo aos/as aspirantes nomeados/as, a Xefa de Subalternos, ao Xefe do Servizo de Cultura e Museos, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(981).- MODIFICACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS DA POLICÍA LOCAL – OEP 2010-2011(2ª FASE) BASE IV.1.B), BASE IV.1.E), BASE IV.1.I). EXPTE. 28775/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 10/10/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

**“Antecedentes**

*A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 30 de decembro de 2010, aprobou a oferta de emprego público municipal para o dito ano, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 4 de febreiro de 2011 e no DOG de data 18 de febreiro seguinte.*

*Así mesmo, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2011, aprobouse a oferta de emprego público correspondente ao ano 2011, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 16 de febreiro de 2012 e no DOG de data 28 de febreiro seguinte.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 14 de setembro de 2012, autorizou a convocatoria dos procesos selectivos para a provisión das prazas vacantes contidas nas ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2010 e 2011, de conformidade coas bases das convocatorias específicas. Por acordo do mesmo órgano de data 05/12/2013 e 13/12/2013, deuse aprobación, entre outras, as bases específicas da convocatoria de 23 prazas de policía, que foron publicadas no DOG de 24/12/2013.*

*Posteriormente, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 4 de maio de 2015 autorizou, en execución da sentenza nº 298 de 22/12/2014, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, a modificación do apartado b) da Base IV.1-Condicións dos e das aspirantes- das bases específicas reitoras das convocatorias para a cobertura de 23 prazas de policía, modificación que se publicou no BOP de Pontevedra nº 128 de 7 de xullo de 2015 e no DOG nº 182 de 23 de setembro do mesmo ano.*

*Nas referidas convocatorias figuran un total de 23 prazas de policía local, das que 18 se ofertan pola quenda libre e 5 para o acceso desde outros corpos da policía local da Comunidade Autónoma de Galicia, por esixilo así a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais de Galicia.*

*Na Base IV das específicas -Condicións dos e das aspirantes, establecíase, unha vez efectuada a modificación a que se refire o anterior parágrafo, que:*

*Para poder tomar parte no proceso selectivo de acceso, os e as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:*

- a) *Posuír a nacionalidade española.*

- b) Superar os 18 anos de idade e **para o caso dos aspirantes que se presenten pola quenda de mobilidade horizontal non faltar mais de doce anos para pasar á situación de segunda actividade con destino por razón da idade.**
- c) Posuír unha estatura mínima de 1,65 metros os homes e 1,60 metros as mulleres. Este requisito acreditarase mediante declaración xurada sen prexuízo da súa posterior constatación.
- d) Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título de Bacharelato (LOE), Bacharelato (LOXSE), Bacharelato unificado polivalente (Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación), Bacharelato superior (plan 1957), técnico (LOE), técnico (LOXSE), técnico especialista da Lei 14/1970 ou ter aprobadas as probas de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que se acreditará mediante a presentación do título oficial ou copia autenticada deste, e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo. No caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.
- e) **Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B con BTP**, segundo disposto no Decreto 77/2010, de 29 de abril, polo que se modifica o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais. Deberase achegar copia compulsada dos ditos permisos.
- f) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o/a aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante a presentación dunha declaración xurada nos termos sinalados.
- g) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o/a aspirante presentará en forma de declaración xurada.
- h) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas, acreditado mediante declaración xurada.
- i) **Presentación dun certificado médico en que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico.**
- j) Presentación do xustificante de aboamento dos dereitos de exame.
- k) Aqueles aspirantes que se presenten pola quenda de mobilidade horizontal deberán acreditar que posúen unha categoría igual á da convocatoria (policía) como funcionarios de carreira noutros corpos de Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia así como unha antigüidade mínima de 5 anos en dita categoría. Tales requisitos acreditaranse mediante certificación expedida pola entidade ou entidades nas que o aspirante prestara os seus servizos.

Todos estes requisitos, así como o estar en posesión do título acreditativo do nivel de lingua galega esixido para a exención do exame, deberán acreditarlos na data en que remate o prazo de presentación de instancias da convocatoria correspondente.

En escrito de data de entrada no Rexistro Xeral o 6 de outubro de 2016, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia,ponse de manifesto que no apartado b) anterior, **“Superar os 18 anos de idade e para o caso dos aspirantes que se presenten pola quenda de mobilidade horizontal non faltar mais de doce anos para pasar á situación de segunda actividade con destino por razón da idade.”**, se está a contradicir o previsto no art. 35.e, de Requisitos para participar no sistema de mobilidade, do Decreto 243/2008 do 16 de outubro, segundo o cal, “Además del requisito de antigüedad en la categoría de que se trate, recogido en el apartado 1 del artículo anterior, para poder participar en el sistema de movilidad, a los aspirantes le deberán faltar como mínimo para el pase previsto a la situación de segunda actividad los siguientes años: e) Ocho años para las de oficial y doce para la de policía. “

Ademais, por Real Decreto 1055/2015, de 20 de novembro, polo que se modifica o Regulamento Xeral de Condutores, aprobado polo Real Decreto 818/2009, de 8 de maio, suprímese o permiso BTP, de xeito que debe modificarse o apartado e) anterior **“Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B con BTP”**.

Por outro lado, un dos requisitos de participación dos aspirantes ás prazas de Policía Local pola quenda libre era, tal e como se sinala no apartado i) anterior, **a presentación dun certificado médico en que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico**, e toda vez que debido ao tempo transcorrido carecen de validez, deberá emendarse esta situación.

En consecuencia, a vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**“Primeiro.- Proceder á modificación do apartado b) da Base IV.1 -Condicións dos e das aspirantes-**, das bases específicas reitoras da convocatoria para a cobertura de 23 prazas de policía, 18 delas pola quenda libre e 5 por concurso pola quenda de mobilidade horizontal para o acceso dende outros corpos da policía local da CCAA de Galicia, **que pasa a contar coa seguinte redacción: “Superar os 18 anos de idade e, para o caso dos/das aspirantes que se presenten pola quenda de mobilidade horizontal, faltar como mínimo 12 anos para pasar á situación de segunda actividade con destino por razón da idade”**.

**Segundo.- Proceder á modificación do apartado e) da Base IV.1 -Condicións dos e das aspirantes-**, das bases específicas reitoras da convocatoria para a cobertura de 23 prazas de policía, 18 delas pola quenda libre e 5 por concurso pola quenda de mobilidade horizontal para o acceso dende outros corpos da policía local da CCAA de Galicia, **que pasa**

a contar coa seguinte redacción: “Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B, segundo disposto no Decreto 77/2010, de 29 de abril, polo que se modifica o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais. Deberase achegar copia compulsada dos ditos permisos”.

**Terceiro.-** Proceder á modificación do apartado i) da Base IV.1 -Condicións dos e das aspirantes-, das bases específicas reitoras da convocatoria para a cobertura de 23 prazas de policía, 18 delas pola quenda libre e 5 por concurso pola quenda de mobilidade horizontal para o acceso dende outros corpos da policía local da CCAA de Galicia, que pasa a contar coa seguinte redacción: “Os aspirantes ás prazas de Policía Local definitivamente admitidos deberán presentar perante o Órgano de Selección, na data de realización do primeiro exercicio (probas físicas), certificado médico expedido en impreso oficial e asinado por colexiado en exercicio e, que non superará un máximo de tres meses dende a súa expedición, ao obxecto de acreditar a aptitude física, e no que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as aptitudes psicofísicas (condicións físicas e sanitarias) necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico. Non se admitirán certificados que non se axusten na súa redacción a estes conceptos (ANEXO IV das Bases). A non presentación do referido certificado suporá a exclusión do aspirante do proceso selectivo.”

**Cuarto.-** Acordar que as referidas modificacións se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia e e no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, sen prexuízo da publicación do seu anuncio nos diarios e boletíns oficiais en que proceda, na prensa local e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org)”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **7(982).- INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓNS DE SERVIZO DE VARIOS SERVIZOS MUNICIPAIS. EXPTE. 28767/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/10/16, dáse conta do informe-proposta do 10/10/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

### **“ANTECEDENTES**

Na Área de Recursos Humanos e Formación teñen sido recibidos diferentes expedientes administrativos referidos a indemnizacións por razón do servizo efectuados por persoal municipal, xuntamente cos informes acreditativos da efectiva realización dos mesmos. Ditos



documentos están asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno.

Os expedientes recibidos corresponden aos servizos municipais de Vías e Obras, Desenvolvemento Local e Emprego, Conserxería, Mobilidade e Seguridade, Cemiterios, Museos, Educación e Vigozoo.

En tódolos expedientes relacionados inclúese orde de servizo a cada empregado municipal para a realización dos desprazamentos en función do desempeño das tarefas do seu posto indicando éstas en cada caso, data, identificación do empregado municipal, percorrido e número de quilómetros correspondentes a cada ún deles, así como a matrícula do vehículo utilizado nestes desprazamentos.

A efectiva realización dos desprazamentos, xunto coa veracidade na necesidade e procedencia dos mesmos en relación coa prestación do servizo público presúmese coa correspondente sinatura dos xefes dos servizos e Concelleiros/as-delegados/as dos centros xestores.

Compróbase a concordancia dos datos que figuran no sistema de control de presenza en concepto de saídas por motivos de traballo (código 02) cos datos individuais de cada un dos empregados municipais propostos así como demais ausencias (vacacións, permisos, etc).

Tendo en conta o importe unitario por Km. percorrido establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a Orden ministerial 3770/2005, de 1 de decembro, que actualiza o importe da indemnización por uso do vehículo particular, e o nº de Km. que figuran en cada unha das relacións asinadas polas Xefaturas de Servizo e conformadas polos Concelleiros/as Delegados correspondentes, o importe dos devanditos expedientes, nos termos dos cálculos efectuados por este Servizo, supón un importe de **10.883,84€**.

Por outra banda, inclúese o gasto por importe de **126,60€** en concepto de dietas por viaxes a Lugo (Hospital Rof Codina e Facultade Veterinaria), Santiago (USC), Coruña (Aquarium) e Ourense de varios empregados municipais adscritos ao servizo Vigozoo (doc.: 160075318 e 160118959), segundo o establecido no Real Decreto citado.

En consecuencia os gastos do presente expediente en concepto de indemnizacións por razón de servizo (Kilometraxe e diteas) ascenden a un total de **11.010,44€**.

A relación dos efectivos públicos municipais con dereito á percibir das indemnizacións por razón do servizo correspondentes para os períodos temporais consignados concrétese no listado subsequente -que comeza por D. Cobas Rey, Eugenio e que remata en D. Beltrán Muñoz, Manuel.-:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Pers	Mes/período	Importe
78036/250	VÍAS E OBRAS	Cobas Rey, Eugenio	36017739-S	15467	Xullo-setembro	505,21 €
		Gómez Pascual, Julio	34901122-W	11819	Xullo-setembro	305,90 €
78231/250		Matilde Viñas, José Eugenio	36000551-P	11831	Xullo-setembro	876,47 €
78483/250		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36009349-C	10694	Xullo-setembro	611,04 €
		Oujo Gerut, Ventura	36019537-L	17740	Xullo-setembro	614,46 €

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Pers	Mes/período	Importe
		Villar Estévez, Raimundo	36012815-J	11682	Xullo-setembro	890,72 €
78229/250		Martínez Boga, Ramón	36063274-X	78927	Xuño-agosto	29,26 €
78076/250		Berros Pérez, Alfonso	32873182-H	78966	Abril-xuño	360,60 €
3259/443	OSPIO	Ferro Mancho, Angel	36072730-J	79185	Xuño-agosto	550,62 €
3266/443		Lobato Cameselle, Ricardo	35999817-X	17489	Xuño-agosto	689,70 €
3277/443		Romero Gil-Delgado, Loreto	36064307-P	78929	Xuño-agosto	769,69 €
		Vázquez Rial, Ramón	36022874-K	13273	Xuño-agosto	571,90 €
13282-13345/77	DESENV. LOCAL	Francisco J. Gutiérrez Orúe	13894232R	13920	Xullo-setembro	68,51 €
418-420-427/201	CONSERXERÍA	Fernández Amil, Fernando	36022162-E	13706	Xullo-setembro	750,88 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36031496-H	17822	Xullo-setembro	652,46 €
160090217	MOBILIDADE – SEG.	Roca Dafonte, José Manuel	32429643-B	15303	Xullo-setembro	392,35 €
160102319		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Xullo-setembro	569,43 €
160117285		Bacelos González, José	36023371-N	15480	Xullo-setembro	409,83 €
10887-10901-10923/255	CEMITERIOS	Rodríguez López, Adolfo	36030284-W	76430	Xullo-setembro	362,14 €
160102544	MUSEOS	Egea Torrón, Pilar	50806376-C	18543	Agosto-setembro	17,10 €
160125630		Codesido Rodriguez, José Felipe	36081823-K	19399	Maio-xuño	237,12 €
160122723	EDUCACIÓN	Carballo Villar, Fernando	33280426-R	83260	Xaneiro-xuño	106,45 €
160075318	VIGOZOO	Acuña Rodríguez, Antonio	52494657-D	83261		290,74 €
		Meira Covelo, Manuel	36036324-Q	83280		354,78 €
160118959		Vila Campos, Rosa M.	36092283-Q	83271	Abril-xuño	8,98 €
		Beltrán Muñoz, Manuel	36014761-G	83270		14,10 €
				<b>TOTAL</b>		<b>11.010,44 €</b>

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

I.- Artigo 32 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.

II.- Artigos 10, 18, 20 e 21 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

III.- Base 36ª das Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2016.

IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais: Imputación do gasto: clasificación económica 2312000 -"Gastos de Locomoción" e aplicación 337.1.23020000 "Dietas do persoal" dos vixentes Orzamentos Municipais e conseguíntes Bases de Execución do Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2016.

V.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta

de Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### **A C O R D O :**

**PRIMEIRO.-** “Aprobar o gasto por un importe de **10.883,84 €**, correspondente aos **desprazamentos** efectuados por persoal municipal en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos na Área de Recursos Humanos e Formación, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Cobas Rey, Eugenio e que remata en D. Beltrán Muñoz, Manuel-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 231.2 -Gastos de Locomoción.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto por importe de **126,60 €**, correspondente a dietas dos desprazamentos efectuado por persoal municipal por razón de servizo e debidamente acreditado nos documentos correspondentes (160075318 e 160118959) de D. Antonio Acuña Rodríguez, Manuel Meira Covelo e Manuel Beltrán Muñoz.-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 33712302000.

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Pers	Mes/período	Importe
78036/250	VÍAS E OBRAS	Cobas Rey, Eugenio	36017739-S	15467	Xullo-setembro	505,21 €
		Gómez Pascual, Julio	34901122-W	11819	Xullo-setembro	305,90 €
78231/250		Matilde Viñas, José Eugenio	36000551-P	11831	Xullo-setembro	876,47 €
78483/250		Salgueiro Piñeiro, Benigno	36009349-C	10694	Xullo-setembro	611,04 €
		Oujo Gerut, Ventura	36019537-L	17740	Xullo-setembro	614,46 €
		Villar Estévez, Raimundo	36012815-J	11682	Xullo-setembro	890,72 €
78229/250		Martínez Boga, Ramón	36063274-X	78927	Xuño-agosto	29,26 €
78076/250		Berros Pérez, Alfonso	32873182-H	78966	Abril-xuño	360,60 €
3259/443	OSPIO	Ferro Mancho, Angel	36072730-J	79185	Xuño-agosto	550,62 €
3266/443		Lobato Cameselle, Ricardo	35999817-X	17489	Xuño-agosto	689,70 €
3277/443		Romero Gil-Delgado, Loreto	36064307-P	78929	Xuño-agosto	769,69 €
		Vázquez Rial, Ramón	36022874-K	13273	Xuño-agosto	571,90 €
13282-13345/77	DESENV. LOCAL	Francisco J. Gutiérrez Orúe	13894232R	13920	Xullo-setembro	68,51 €
418-420-427/201	CONSERXERÍA	Fernández Amil, Fernando	36022162-E	13706	Xullo-setembro	750,88 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36031496-H	17822	Xullo-setembro	652,46 €
160090217	MOBILIDADE – SEG.	Roca Dafonte, José Manuel	32429643-B	15303	Xullo-setembro	392,35 €
160102319		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Xullo-setembro	569,43 €
160117285		Bacelos González, José	36023371-N	15480	Xullo-setembro	409,83 €
10887-10901-10923/255	CEMITERIOS	Rodríguez López, Adolfo	36030284-W	76430	Xullo-setembro	362,14 €
160102544	MUSEOS	Egea Torrón, Pilar	50806376-C	18543	Agosto-setembro	17,10 €
160125630						

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Pers	Mes/período	Importe
160122723	EDUCACIÓN	Codesido Rodríguez, José Felipe	36081823-K	19399	Maio-xuño	237,12 €
160075318	VIGOZOO	Carballo Villar, Fernando	33280426-R	83260	Xaneiro-xuño	106,45 €
		Acuña Rodríguez, Antonio	52494657-D	83261		290,74 €
		Meira Covelo, Manuel	36036324-Q	83280		354,78 €
160118959		Vila Campos, Rosa M.	36092283-Q	83271	Abril-xuño	8,98 €
		Beltrán Muñoz, Manuel	36014761-G	83270		14,10 €
				<b>TOTAL</b>		<b>11.010,44 €</b>

Das seguintes partidas funcionais:

NÚM. PARTIDA	SERVIZO	TOTAL
1532	Vías e Obras	6.775,57 €
2410	Desenvolvemento Local e Emprego	68,51 €
9200	Conserxería	1.403,34 €
1330	Mobilidade e Seguridade	1.371,61 €
1640	Cemiterios	362,14 €
3330	Museos	17,10 €
3230	Educación	237,12 €
3371	Vigozoo	648,45 €
	<b>TOTAL</b>	<b>10.883,84 €</b>

NÚM. PARTIDA	SERVIZO	TOTAL
3371	Vigozoo (230200.- axudas de custo de persoal)	126,60 €
	<b>TOTAL</b>	<b>126,60 €</b>

“

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(983).- PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIÓNS DE DIVERSOS EMPREGADOS MUNICIPAIS. EXPTE. 28777/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/10/16, dáse conta do informe-proposta do 06/10/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*Considerando o disposto no artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e*

sen merma das retribucións; e dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos municipais, en canto a xestión do mesmos, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento de programas dos servizos, etc, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, o Concelleiro delegado de Xestión Municipal resolveu encomendar provisionalmente a distintos funcionarios municipais funcións propias doutros postos de traballo distintos dos que se atopan adscritos,, con carácter estritamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal esten adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares:

- Con data 19 de xullo de 2011, o concelleiro-delegado de xestión municipal resolveu encomendar, “as funcións de coordinación, planificación e supervisión administrativa e orzamentaria e de programación dos servizos da Área de Cultura e Festas, e asistencia á concelleira-delegada da citada área”, ao funcionario D Jesús López Moure, con nº de persoal 77210. Así mesmo, neste decreto estipulábase que “as funcións desenvolveranse baixo a dependencia directa da concelleira-delegada da Área, quen deberá acreditar e avaliar a efectividade e satisfactoriedade das funcións desenvolvidas, aos efectos de proceder eventualmente á tramitación do expediente administrativo de produtividade polo desempeño das funcións obxecto de encomenda. Ata a data dita encomenda non foi deixada sin efecto mediante acto administrativo posterior nin realizouse a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestructuración de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais.
- EN data 01/06/2016, asinase resolución pola que se encomenda provisional e transitoriamente a funcionaria Dña. Benilde Bilbao Echegaray, N.P. 77323 e posto Codg Rtb 105 “Administrativo” as funcións, administrativas derivadas do funcionamento da Unidade de apoio ao Consorcio do Casco Vello, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, con carácter transitorio e sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrita, como das características inherentes á praza da cal é titular. Dita encomenda terá efectos como máximo ata o 31/12/2016
- O Concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, en data 11/05/2016 resolveu encomendar provisional e transitoriamente a funcionaria Dña. M Carmen Cotilla Iglesias con n de persoal 80211, as funcións de xestión administrativa de carácter operativo, derivadas do funcionamento do servizo de Comercio, correspondentes co posto de Xefatura de negociado, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, con carácter transitorio e sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrita, como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Concelleira da Área relacionadas cós servizos adscritos a mesma. Dita encomenda terá efectos como máximo ata o 31/12/2016
- En data 08/09/2015, por resolución do concelleiro delegado de Xestión Municipal acordouse autorizar a adaptación do posto de traballo de destino do funcionario de carreira D. Manuel Bueno Heredia, con nº de persoal 13.899, condutor-bombeiro con destino no Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, en atención á documentación e informes emitidos e incorporados ao expediente administrativo nº 27.012/220, motivado pola imposibilidade de adaptación do posto no propio SEIS,

*segundo informe do oficial subxefe de data 03/09/2015, así como á súa declaración de non apto para o posto de condutor-bombeiro documentada en expediente administrativo nº 23.582/220, dispoñendo en consecuencia o desempeño de funcións propias de funcionario na Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, baixo as directrices e segundo as instrucións que pola mesma se proporcionen, a fin de prestar apoio especializado en materia de prevención e extinción de incendios e salvamento, dada a complexidade que presenta o servizo indicado e coa finalidade de mellora na xestión do mesmo; e a tal efecto, encomendar ao funcionario D. Manuel Bueno Heredia, con nº de persoal 13.899, condutor-bombeiro con destino no Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, as funcións seguintes, en cuxo exercicio deberá respetarse as indicacións contidas no informe da xefatura do Servizo de Recursos Humanos de data 07/09/2015, concretadas en:*

*-asesoramento especializado á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal en materia de prevención e extinción de incendios, salvamento e actividade en xeral do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.*

*-intermediación nas relacións coa representación sindical dos empregados/as públicos ao servizo do Concello de Vigo, en materias propias do ámbito de xestión do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.*

*-aquelas outras que esta Concellería-delegada de Área puntualmente lle poda encomendar, acordes e asimilables á natureza da praza de orixe, considerada a adaptación do posto de traballo, en cuxo caso estarase ao establecido nas vixentes instrucións sobre plantilla anexas á vixente Relación de Postos de Traballo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) en canto aos criterios e condicións para o devengo do complemento retributivo de produtividade e conseguinte outorgamento do mesmo.*

*Por outra banda en data 02/03/2016, asignase a D Manuel Bueno Heredia as funcións de asistencia proactiva ao Presidente e ao Director do Plan de autoprotección do edificio sede do Concello, segundo Resolución do Concelleiro Delegado de Mobilidade e seguridade*

- En data 20/06/2016 resolvese encomendar provisional e transitoriamente ao funcionario D. Jose Franco Reza, NP 77172, con posto Codg 140 "Auxiliar Administrativo", funcións de desenvolvemento de ferramenta web para a campaña verán xove 2016 do servizo de xuventude, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefa do Servizo de Xuventude, o Xefe de Administración Electrónica e a Concelleira Delegada da Área*
- Como criterios de aboamento das encomendas de funcións realizadas establecíronse:*
- Jesus Lopez Moure: Aplicación de Instrucións de plantilla: acumulación de posto técnico xestión na área cultura*
- Benilde Bilbao Echegaray: Aplicación de Instrucións de plantilla acumulación de*

*postos administrativo*

- *M Carmen Cotilla Iglesias: Aplicacion de Instruccions de plantilla acumulacion de posto xefe negociado Comercio*
- *Manuel Bueno Heredia: criterios aprobados pola Xunta de Goberno na sua sesion de data 30/12/2016 tramitado en expediente administrativo nº 71/105 consistentes en exceso de xornada realizado como consecuencia da adicación, interese e rendimento no desempeño do posto de traballo: cómputo do exceso de xornada realizado e non compensado con descansos mais mensualidade do complemento de destino do posto de traballo, como consecuencia dunha adicación extraordinaria más aló do esixible a un posto de traballo de conductor- bombeiro en adaptación de funcións, ao ser este concepto retributivo o inherente á progresión profesional acadada na carreira administrativa dos empregados/as públicos segundo o marco legal vixente (RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, e normativa concordante aplicable).*
- *Jose Franco Reza: Como criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade que se outorgue, de ser o caso, ao funcionario polo desempeño das tarefas encomendadas e toda vez que a carga de traballo estimase nun maximo de 270 h, tomase como referencia o precio-hora do posto Codg Rtb 98 "Programador/a Informatica", polo que, previo informe favorable da xefatura de Administracion electronica relativa ao cumprimento axeitado das funcions encomendadas - desenvolvemento do software que de soporte á campaña de selección e adxudicación das prazas do programa VeranXove16- dita cantidade ascenderia a un maximo de 2632,50€*

*Recibense nesta Area os seguintes expedientes:*

*1.- 886-330 e 976-330: Solicitud de aboamento de complemento de produtividade para o xefe do servizo de xestion e promocion cultural por encomenda de funcions , correspondentes ao 2º e 3º trimestre respectivamente.*

*2.- Doc 160128255 Solicitud aboamento complemento produtividade Dª Benilde Bilbao Echegaray*

*3.- Expte 3952-106 Solicitud produtividade Carmen Cotilla Iglesias encomenda de funcions 3º trimestre 2016*

*4.- Doc 160131551 Aboamento produtividade Manuel Bueno Heredia 2º e 3º trimestre 2016*

*5.- Doc 160112975 Aboamento complemento produtividade D Jose Franco Reza polo desenvolvemento aplicacion informatica*

*Todas elas relativas ao aboamento dun complemento de produtividade pola realizacion das funcions encomendadas no segundo e tercer trimestre do ano 2016, no que se fai constar as tarefas efectivamente desempeñadas asi como a avaliacion da calidade das mesmas, asinado polos seus superiores xerarquicos .*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos*

*empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento legislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.*

*Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de*



*retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes instruccións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 establecen que :*

*Con cargo ó Complemento de Productividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.*

*O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:*

*Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo*

*Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.*

*Correspóndelle o Pleno da Corporación, trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.*

*A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:*

*O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:*

*Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.*

*Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo órgano competente.*

*Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.*

*Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.*

*Na presente proposta e para o aboamento solicitado de produtividade pola realización das funcións encomendadas tomase como criterio para o cálculo:*

*1.-Lopez Moure; Jesus: Aplicación instruccións sobre plantilla-acumulacion funcións posto técnico xestión*

*2.- Bilbao Echegaray; Benilde: Aplicación instruccións sobre plantilla-acumulacion funcións posto administrativo Admon xeral consorcio casco vello*

*3.- Cotilla Iglesias, M Carmen: Aplicación instruccións sobre plantilla-acumulacion funcións posto xefe negociado comercio*

4.- *Bueno Heredia Manuel: parámetros obxectivos aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 30/12/2015 tramitado en expediente administrativo nº 71/105, consistente en:*

*-Exceso de xornada realizado como consecuencia da adicación, interese e rendemento no desempeño do posto de traballo: cómputo do exceso de xornada realizado e non compensado con descansos, en concepto de gratificacións, tomando como referencia o prezo hora de 11,44 euros, calculado segundo vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo .*

*-Mensualidade do complemento de destino do posto de traballo, como consecuencia dunha adicación extraordinaria máis aló do esixible a un posto de traballo de conductor- bombeiro en adaptación de funcións, ao ser este concepto retributivo o inherente á progresión profesional acadada na carreira administrativa dos empregados/as públicos segundo o marco legal vixente (RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e normativa concordante aplicable) concretado nun importe de 353,43 euros/mes.*

5.- *Franco Reza, Jose : estimación polo servizo de administración electrónica da carga de traballo que supón en horas o desenvolvemento do software que de soporte á campaña de selección e adxudicación das prazas do programa VeranXove16, estimado en 270 horas e o importe/hora do posto programado/ar informático*

*Así, realizáronse Reservas de Crédito seguintes:*

<i>Nº Persoal</i>	<i>Nome</i>	<i>RC</i>
<i>77.210</i>	<i>López Moure, Jesus,-</i>	<i>No</i>
<i>73323</i>	<i>Bilbao Echegaray; Benilde</i>	<i>51711</i>
<i>80.211</i>	<i>Cotilla Iglesias, M Carmen</i>	<i>87234</i>
<i>13899</i>	<i>Bueno Heredia; Manuel</i>	<i>No</i>
<i>77172</i>	<i>Franco Reza; Jose</i>	

*Compártense os criterios da Intervención Xeral en canto a necesidade de informe de fiscalización da Intervención Xeral e a retención de crédito pertinente, previa a Resolucións de encomendas de funcións, así como a autorización previa ao exercicio das funcións encomendadas, xa contemplado nas vixentes instrucións de plantilla, e de tal xeito se ven procedendo nas Resolucións asinadas neste exercicio orzamentario e anteriores.*

*A funcionaria que suscribe entende que deberíase proceder a revisión dos acordos previos ao ano 2012, fixando un marco temporal para cada un deles, tal e como se recolle nas instrucións de plantilla que sexa coincidente coa propia temporalidade do orzamento.*

*Así mesmo e como xa se mencionou con anterioridade, considérase a urxencia de implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, a reestructuración de áreas e servizos, dentro da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais, que den lugar a eliminación ou como menos a minimización da realización de encomendas de funcións, e que , no caso de ser inevitables, se enfatice o seu carácter estritamente provisional.*

*As solicitudes de realización de encomendas de funcións deberán estar debidamente*

*motivada e xustificada a súa urxencia e necesidade (IT longa duración, imposibilidade de redistribución de tarefas entre os efectivos do servizo, asignación de funcións non atribuíbles a outros postos, xustificación da imposibilidade de realización das funcións e tarefas encomendadas polos efectivos existentes, etc) e sempre que resulten axeitadas á clasificación, grao ou categoría profesional.*

*No caso de asignación de funcións de postos de categoría superior, poderíase contemplar a posibilidade de adscripción provisional por un período máximo definido, condicionado a realización satisfactoria das funcións do posto.*

*Así mesmo, considerase imprescindible a redefinición de parámetros de asignación de complementos de produtividade nos casos de acumulación de funcións, incluídos nas vixentes instrucións de plantilla.*

*Por outra banda, nos acordos de encomendas de funcións non se contempla a delegación no Concelleiro da Área de Xestión Municipal a a tramitación dos expedientes en execución das encomendas en canto a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas.*

*Nas solicitudes de aboamento relacionase as tarefas levadas a cabo no período obxecto de aboamento e anexase ao presente expediente o listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito no caso de acumulación de funcións. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensación ou redución de xornada nin aboable, lembrando que constitúe responsabilidade dos respectivos xefes/as de servizo a correcta reordenación das cargas de traballo dos efectivos ao seu cargo, de xeito que non se xeneren situacións de desempeño de máis de un posto en franxa horaria simultánea.*

*Polo tanto, os complementos de produtividade propostos son consecuencia da previa asignación ao persoal de funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolven, ao abeiro do disposto no artigo 73.2 do TREBEP.*

*Consta no expediente resolucións de encomenda de funcións a prol dos empregados municipais.*

*As resolucións de encomendas de funcións respectan o límite temporal do exercicio orzamentario excepto as realizadas con anterioridade ao ano 2012.*

*Achegase no expediente informe do xefe de servizo, ou superior xerárquico, no que se fagan constar as tarefas efectivamente desempeñadas polos funcionarios no período considerado, así como a avaliación do desempeño das mesmas.*

*Incluese no presente informe os días que o/a funcionario/a afectado/a efectivamente ocupase o seu posto de traballo dentro do período considerado, de acordo cos sistemas de control de presenza establecidos (ficha ou similar), nos casos nos que para o cálculo de produtividade proposta se realice conforme ás vixentes Instrucións sobre plantilla e RPT, no suposto de acumulación de funcións (importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado), resultando acreditada unha maior adicación horaria minimamente significativa, tal e como dispoñen as vixentes IPRPT, non sendo retribuídos os días de ausencia.*

Así, D Jesus Lopez Moure disfrutou de 19 días de vacacions e 1 de permiso por asunto propio, D<sup>a</sup> Benilde Bilbao Echegaray 20 días de vacacions e 2 permisos por A.P e D<sup>a</sup> Carmen Cotilla Iglesias 14 días de vacacions e 3 A:P. Nos casos de D Manuel Bueno Heredia disfrutou dun día de A.P e D Jose Franco Reza 15 días de vacacions. Ningunho dos anteriores tivo baixas por I.T.

Nas respectivas solicitudes de aboamento relacionase as tarefas levadas a cabo no período obxecto de aboamento e anexase ao presente expediente os listados de control de presenza de cada un dos funcionarios propostos.

Así, correspondería o pagamento das cantidades de 3336,91 € a D Jesus Lopez Moure, 1376,67 € polo período 01/04/2016 ao 30/09/2016, a D<sup>a</sup> Benilde Bilbao Echegaray polo período 01/06/2016-30/09/2016 a cantidade de 1767,96 a D<sup>a</sup> M Carmen Cotilla Iglesias polo período 11/05/2016-30/09/2016 , a cantidade de 2145,58 €

En aplicación dos criterios aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 30/12/2015, a D Manuel Bueno Heredia, polo período comprendido entre o 01/04/2016 ao 30/09/2016 corresponderíalle o aboamento da cantidade de 3703,19 €.

No caso de D Jose Franco Reza, polo desenvolvemento do software que de soporte á campaña de selección e adjudicación das prazas do programa VeranXove16, estimado en 270 horas e calculado o importe segundo precio/hora do posto programado/ar informático deberase aboar a cantidade de 2632,50 €

Uneselle ao presente expediente o nº 28525-220 "Aboamento complemento de produtividade encomenda de funcións Carmen Cotilla Iglesias, xa remitido previamente a Intervención Xeral.

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Productividade", nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Outorgar aos empregados municipais seguintes un complemento de produtividade polo desempeño das funcións encomendadas segundo resolucions das datas que se indican, no período correspondente ao 2º e 3º trimestre do ano 2016, por importe total de 13194,85 €

Nº Persoal	Nome	TOTAL
77.210	López Moure, Jesus,-	3.336,91 €
73323	Bilbao Echegaray; Benilde	1.376,67 €
80.211	Cotilla Iglesias, M Carmen	2.145,58 €
13899	Bueno Heredia; Manuel	3.703,19 €
77172	Franco Reza; Jose	2.632,50 €

2. Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 13194,85–€ en concepto de produtividade a favor dos empregados relacionados, con cargo á partida orzamentaria 920.0.1500000 "Productividade".

*Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(984).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL ADSCRITO AO NEGOCIADO DE CEMITERIOS, AGOSTO 2016. EXPTE. 28643/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/10/16, dáse conta do informe-proposta do 22/09/16, da técnica de Avaliación e Formación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*“Con data 01/09/2016, a xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo co visto e prace da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saúdable, remite relación do persoal que deberá percibir gratificación por servizos especiais e extraordinarios por exceso de xornada anual correspondente ao mes de **Agosto-2016**, así como as datas de realización de dito exceso.*

*A instrucción cuarta, apartado f) actualmente en vigor, sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, establece os servizos extraordinarios a realizar polo persoal auxiliar que presta os seus servizos na oficina administrativa de cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizada fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079'70 €, cantidade modificada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2013, tendo en conta o exceso real de xornada anual realizada por dito persoal que supera as 470 horas.*

*Dito acordo basease na actualización do Acordo Plenario de data 14/1/2003 no que se acorda a inclusión na Instrucción 4º de Plantilla da “actividade extraordinaria e especial dedicación do persoal administrativo que presta servizos na oficina administrativa de Cemiterios resultante do exceso estrutural de 236 horas anuais realizadas, fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuirase con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 3.450 euros. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada”, que para o vindeiro ano de acordo co Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 3.484,50 €*

*anuales, aboamento que se fará en función dos días realmente traballados en relación cos que con carácter xeral correspondería prestar no servizo.*

*Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda para o caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada.*

*O persoal relacionado no expediente atópase adscrito, como non podería ser doutro xeito, ao negociado de cemiterios.*

*Compróbase por parte desta Área de Recursos Humanos e Formación que o persoal referenciado non tivo baixas por I.T. no período obxecto de aboamento.*

*A xustificación do aboamento, en concepto de gratificacións, ten orixe no exceso de xornada anual realizado polo persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, etc.*

*No escrito do xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 01/09/2016 figura relación do persoal , indicando Nº de persoal, datas e horario de realización do exceso de xornada en sábados, domingos e festivos do mes de Agosto de 2016, debidamente asinado e conformado pola concelleira delegada da Area.*

*As retribucións en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*No citado Real Decreto Legislativo, concrétase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebido como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo (artigo 24.d).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento legislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado no art 24 f) da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla as gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 6 -en canto aos servizos extraordinarios- que este está destinado a retribuir os servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo.*

*A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016, aprobou a “Actualización das*

instruccións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instruccións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1510000-“Gratificacións”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### **ACORDO:**

**Primeiro.**- Aprobar o outorgamento dun complemento de gratificacións por servizos extraordinarios por servizos prestados fora da xornada normal de traballo ao persoal administrativo do Servizo de Cemiterios que figura no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia da retribución complementaria en concepto de gratificacións, correspondente ao mes de **Agosto-2016**, segundo o recollido na Instrución Cuarta apartado f) sobre cadro e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0151.00.00- “Gratificacións”, por importe total de 1.116,44 €.

**Segundo.**- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas en concepto de gratificacións, haberán de responder a servizos extraordinarios realizados fora da xornada normal de traballo e non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

**Terceiro.**- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Anexo

Nº Persoal	Apelidos e Nome	Importe
13758	Rosende Ríos, Gumersindo Manuel	558,22 €
13570	Hermida Rodriguez, José Luis	558'22 €

	IMPORTE TOTAL.....	1.116,44 €
--	--------------------	------------

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(985).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS- AGOSTO 2016. EXPTE. 28645/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/10/16, dáse conta do informe-proposta do 22/09/16, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

*"Distintos servizos e unidades municipais remitiron a Área de Recursos Humanos e Formación, relación dos domingos, festivos e nocturnidade correspondentes ao mes de Agosto-2016, todas elas co visto e prace dos Concelleiros-Delegados de cada servizo.*

*As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixente na actualidade no seu apartado cuarto, letra a), establece que aboaranse ós traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22'00 e 7'00 horas, cun recargo por hora traballada de 2'72 €/hora, no seu apartado letra b), así mesmo que aboaranse os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, cun recargo por hora de 4,02 €. Dacordo coa Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, a cantidade a aboar sería 2'75 €/hora, para os traballos en horas nocturnas e 4,06 €/hora, para os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos.*

*A distribución por servizos dos gastos orixinados polos conceptos de festividade e nocturnidade é :*

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Agosto	156,00	633,36	31,00	85,25	718,61
Policía Local	Agosto	7.478,76	30.363,77	7.863,27	21.623,99	51.987,76
Cemiterios	Agosto	681,50	2.766,89	0,00	0,00	2.766,89
Extinción de Incendios	Agosto	3.629,00	14.733,74	1.306,00	3.591,50	18.325,24
Turismo	Agosto	140,00	568,40	0,00	0,00	568,40
Museo	Agosto	12,50	50,75	4,25	11,69	62,44
Parque Móbil	Agosto	16,00	64,96	130,00	357,50	422,46
Parque Central	Agosto	240,00	974,40	279,00	767,25	1.741,65
Participación Cidadá	Agosto	8,00	32,48	0,00	0,00	32,48
Limpieza	Agosto	12,00	48,72	478,00	1.314,50	1.363,22
Vigozoo	Agosto	377,95	1.534,48	0,00	0,00	1.534,48
IMD	Agosto	442,00	1.794,52	143,00	393,25	2.187,77
<b>TOTAL</b>		<b>13.193,71</b>	<b>53.566,46</b>	<b>10.234,52</b>	<b>28.144,93</b>	<b>81.711,39</b>



*Nos informes que forman parte do expediente, asinados polas xefaturas e concellerías de área correspondentes figuran Servizo, Número de persoal, Nome do empregado, data e franxa horaria que dan lugar ao aboamento en concepto de gratificación dos recargos de festividade e nocturnidade, total de horas nas que cada empregado municipal desempeñou as súas funcións en xornada festiva ou horario nocturno e total a retribuir, segundo as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos.*

*De todos os xeitos e dadas as dificultades de comprensión das relacións de persoal, manifestadas pola Intervención Xeral, aclárase:*

*No caso dos choferes de Alcaldía, amais da relación de datas e franxa horaria, é evidente que dito recargo se corresponde co desempeño das funcións propias e habituais do posto Conductor de Alcaldía.*

*Propónse o aboamento de gratificación por festividade ao persoal relacionado do servizo de cemiterios xa que, os cemiterios municipais atópanse abertos sábados, domingos e festivos, e deben dispor da presenza do persoal municipal.*

*Policia Local e Extinción de Incendios.- Os recargos por festividade e nocturnidade propostos corresponde ao exceso de xornada realizado polo persoal relacionado, derivadas de diversas actuacións e intervencións en distintos siniestros así como horas de asistencia ao xulgado (no caso da Policía Local), fora da xornada habitual de traballo, segundo fan constar os superiores xerárquicos do servizo, conformados polo concelleiro da Área.*

*Turismo.- informes de horas realizadas polo persoal do servizo de Turismo, por horario de apertura en sábados, domingos e festivos, segundo informe da xefa do servizo de Turismo, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Festas e Turismo, achégase relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.*

*Museo.- informes de horas realizadas polo persoal do Museo, por horario de apertura en sábados, domingos e festivos, segundo informe do xefe do servizo de Museos, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, no que se informa do horario de funcionamento do Centro de Recepción de Visitantes adscrito a dito servizo achégase relación do persoal que realizou ditas horas, así como horario e lugar onde se realizan.*

*Parque Móbil.- Informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.*

*Parque Central.- informes de horas realizadas polo persoal do Parque Central, horario e motivo polo que se realizaron ditas horas, asinado polo xefe do Servizo e conformado polo concelleiro-delegado de Fomento.*

*Participación Cidadá.- informe do xefe de Participación Cidadá de data 18/08/2016, conformado polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá, de horas realizadas en programas de colaboración co "Consulado de Bolivia" os fins de semán, .*

*Limpeza.- informe do xefe do servizo de Limpeza de data 09/09/2016, conformado polo concelleiro-delegado de Limpeza, de horas realizadas polo persoal do servizo.*

Vigozoo.- informe do director de Réxime Interior, de data 6/09/2016, conformado pola concelleira-delegada, das horas realizadas polo persoal de dito servizo, con indicación de horario e traballos realizados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### **ACORDO:**

“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

Os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de **81.711,38 €**, con cargo a partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Agosto	De Vázquez Martínez, Manuel A. A Fontan Balbuena, Camilo	633,36 €	85,25 €	718,61 €
Policía Local	Agosto	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	30.363,77 €	21.623,99 €	51.987,76 €
Cemiterios	Agosto	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.766,89 €	0,00 €	2.766,89 €
Extinción de Incendios	Agosto	De Aguirre Rodríguez, Manuel a Veiga García, Rubén	14.733,74 €	3.591,50 €	18.325,24 €
Turismo	Agosto	De Díaz López, Emma a Barreiro Fidalgo, Natalia	568,40 €	0,00 €	568,40 €
Museo	Agosto	Ogando López, José Manuel	50,75 €	11,69 €	62,44 €
Parque Móbil	Agosto	De Alonso González, Ángel a Puente Veiga, Alfonso	64,96 €	357,50 €	422,46 €
Parque Central	Agosto	De Arias Rodríguez, Dámaso a Rodríguez Leirós, Alfonso	974,40 €	767,25 €	1.741,65 €
Participación Cidadá	Agosto	De Zaragoza Bastos, Juan A.	32,48 €	0,00 €	32,48 €
Limpieza	Agosto	De Arango Fernández, Luciano a Vázquez Martínez, Benito	48,72 €	1.314,50 €	1.363,22 €
Vigozoo	Agosto	De Alonso Abalde, José M <sup>º</sup> a Vázquez Iglesias, Ana	1.534,48 €	0,00 €	1.534,48 €
IMD	Agosto	De Alonso Campa de la, Alberto a Vila Aragunde, Sonia	1.794,52 €	393,25 €	2.187,77 €
<b>TOTAL</b>			<b>53.566,46 €</b>	28.144,93 €	<b>81.711,39 €</b>

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

#### Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(986).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA LLORENTE. EXPTE. 4016/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 07/10/16, dáse conta do informe-proposta do 14/10/16, do xefe do servizo administrativo e Control Orzamentario, conformado polo xefe do departamento administrativo da Alcaldía, polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*"1.- Antecedentes.*

*1.- En data 08.08.2016, a Xunta de Goberno Local, no expediente núm. 3207/443, acordou aprobar o proxecto de obras de humanización da Rúa Llorente (Fase I), redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Javier Zubía Fernández, en execución do contrato de servizos adxudicado no expediente municipal núm. 3406/440, cun orzamento base de licitación, máis IVE, de DOUSCENTOS DEZAQOITO MIL CINCOCENTOS CORENTA E SETE EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (218.547,36€)*

*2.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento, con data 1 de agosto de 2016, resolveu iniciar os tramites administrativos para a contratación das ditas obras; actuacións que integran o presente expediente administrativo de contratación e se detallan de seguido.*

*2.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm. 3207/443, correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión do 8 de xullo de 2016, de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.*

*No expediente de contratación consta a documentación que segue:*

*a) Informe xustificativo da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse co contrato e da idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, asinado polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, de data 30.07.2016.*

*b) Acta de replanteo do proxecto de obras aprobado, asinada polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal con data 01.08.2016.*

*c) Resolución de Inicio do expediente de contratación, asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 01.08.2016.*

*d) Memoria descritiva do proxecto a executar e xustificativa do procedemento de adxudicación; do prezo do contrato; do seu financiamento e do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a que se refire o artigo 7.3 da LO 2/2012, de 7 de abril; dos criterios de valoración para a determinación da oferta*

economicamente máis vantaxosa e demais aspectos necesarios para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

e) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, de data 14.09.2016.

g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación Beatriz Barbará Rodríguez, de data 20 de setembro de 2016

f) Informe favorable da Asesoría Xurídica, de data 29 de setembro de 2016.

## **II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

**Terceiro.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

**Quinto.-** No expediente xustifícase o procedemento elexido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refíren ás características do obxecto do contrato e nos que se dá preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

**Sexto.-** A Asesoría Xurídica, con data 29/09/2016, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

*Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:*

*Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da execución das obras do proxecto de HUMANIZACIÓN DA RÚA LLORENTE (FASE I), redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Javier Zubía Fernández, de data maio de 2016.*

*Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación Beatriz Barbará Rodríguez, de data 20 de setembro de 2016.*

*Terceiro: Autorizar o gasto por importe de DOUSCENTOS DEZAOITO MIL CINCOCENTOS CUARENTA E SETE EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (218.547,36€), sendo o importe correspondente ao IVE de 37.929,71€.*

*Trátase dunha obra de carácter plurianual. Para a súa financiación, aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.6190051 "Humanización da Rúa Llorente" do orzamento municipal, coa seguinte distribución por anualidades:*

*2016: 194.000,00 €*

*2017: 24.147,36 €*

*En relación ao proceso de adxudicación debe indicarse que de producirse baixa no prezo de adxudicación, a contía da baixa será de aplicación no importe que corresponda na anualidade do ano 2017.*

*Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(987).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA "RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE III. ABASTECIMENTO AVDA. DE GALICIA". EXPTE. 3283/443.**

Dáse conta do informe-proposta do 14/10/16, do xefe do servizo administrativo e Control Orzamentario, conformado polo xefe do departamento administrativo de Alcaldía e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

**“ANTECEDENTES:**

I.- Con data 26 de xullo de 2013, o enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños emitíu informe sobre conveniencia e idoneidade de iniciar a actuación de renovación de redes de abastecemento e saneamento na parroquia de Teis.

II.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 2 de agosto de 2013 acordou “encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, “Aqualia-FCC”, a redacción do proxecto para a “Renovación das Redes de Saneamento e abastecemento na parroquia de Teis”, considerado de urxencia e execución inaprazable”.

O mesmo fíxose en amparo do previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011 de prórroga da referida concesión que na súa cláusula terceira incluía o compromiso daquela de levar a cabo un plan de investimentos segundo a contía e prazos sinalados no citado documento.

III.- “Aqualia-FCC” (en adiante a Concesionaria) presentou en data 12 de agosto de 2016 o proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas D. Luis Vicente Vilar Montoro, colexiado nº 11.813, para a execución das obras de “RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE III. ABASTECIMIENTO AVDA. DE GALICIA”, cun presuposto de 174.253,58 Euros, IVE excluído e un prazo de execución de catro mes.

IV.- Coa mesma data, a Concesionaria presentou tamén o detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 7.314,26 euros, IVE excluído.

V.- A Xunta de Goberno Local en data 12.09.2016 acordou:

Primeiro.- Aprobar o proxecto – que inclúe memoria e anexos, prego de prescripción Técnicas particulares, estudo básico de seguridade e saúde, planos e presuposto- para a execución das obras de RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE III. ABASTECIMIENTO AVDA. DE GALICIA, por un importe total de 174.253,58 euros (IVE excluído), e un prazo de execución de catro meses, con cargo aos investimentos incluídos na cláusula terceira do acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011 de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC, como compromisos de investimentos da mesma.

Segundo.- Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 7.314,26 euros con exclusión do IVE (...)

VI.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 19.09.2016 resolveu: Nomear aos técnicos municipais, D. Jerónimo Centrón Castaños (Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos) e D. Jorge Muñoz Rama (Enxeñeiro técnico de obras Públicas) como dirección da obras de “RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE III. ABASTECIMIENTO AVDA. DE GALICIA”.

VII.- A Concesionaria en data 14.09.2016 procedeu á remisión dos seguintes datos do proxecto de “Renovación de Redes de Saneamento e Abastecemento na Parroquia de Teis. Fase III. Abastecemento Avda. Galicia”.

- Código do proxecto: Exp.: 3237/443
- Nome e razón social do adxudicatario: SOCIEDAD ESPAÑOLA DE AGUAS FILTRADAS, S.A.
- NIF: A28223741

- Orzamento de execución material: 146.431,58€
- Orzamento de contrata: 174.253,58€ (antes do IVE)
- Prazo de execución: 4 meses
- Data de inicio da obra: 15 días dende a sinatura da Acta de comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Residuos
- Clasificación do contratista: Non se existe
- Prazo de garantía: 2 anos
- Asistencia técnica: VILAR MONTORO INGENIERÍA
- Coordinación de seguridade e saúde: PROYEGAL (Rebeca Galiñanes Fernández).

#### FUNDAMENTOS:

*Primeiro.- O artigo 7 do Regulamento do RD 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas seguridade e saúde nas obras de construción regula o referente aos Plans de Seguridade e Saúde. Así obriga a que cada contratista elabore un plan de seguridade e saúde no traballo. No punto 2 do citado artigo establécese que no caso de obras das Administracións públicas, o plan de seguridade e saúde, co correspondente informe do coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, se elevará para a súa aprobación pola Administración Pública que teña adxudicado a obra.*

*Consta no expediente informe favorable do coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra, polo que o citado plan debe ser aprobado polo órgano competente do Concello de Vigo.*

*Segundo.- O RD 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición establece no seu artigo 5 as obrigacións do posuidor de residuos de construción e demolición. No mesmo régúlase a obrigación da persoa que execute as obras (o contratista) de presentar á propiedade un plan que reflicte como levar a cabo as obrigacións que lle incumban en relación cos residuos de construción e demolición que se vaian a producir na obra. O plan, unha vez aprobado pola dirección facultativa e aceptado pola propiedade pasará a ser parte dos documentos contractuais da obra.*

*Consta no expediente informe favorable da dirección facultativa aprobando o citado plan, polo que debe ser aceptado polo órgano competente do Concello de Vigo.*

*Terceiro.- No artigo 9.2 do citado RD 105/2008 establécese que as actividades de valoración de residuos reguladas neste artigo se axustarán ao establecido no proxecto de obra. En particular, a dirección facultativa da obra deberá aprobar os medios previstos para dita valoración in situ.*

*Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.*

#### PROPOSTA:

1. *Aceptar o Plan de Xestión dos Residuos para a execución das obras de "RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE III. ABASTECIMIENTO AVDA. DE GALICIA" (expte. 3237/443), presentado pola concesionaria, e aprobado pola Dirección Facultativa da obra, D. Jorge Muñoz Rama e D. Jerónimo Centrón Castañón con data 13 de outubro de 2016.*
2. *Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde no Traballo para a execución das obras de "RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE III. ABASTECIMIENTO AVDA. DE GALICIA" (expte. 3237/443)"*

*presentado pola concesionaria, e informado favorablemente en data 24 de agosto de 2016 polo Coordinador de Seguridade e Saúde designado polo Concello.*

- 3. Calquera modificación dos referidos plans que se pretenda introducir nos mesmos por causa xustificada, precisará da mesma tramitación seguida para a súa aceptación e aprobación, previamente a súa aplicación.*

*As actividades de valoración de residuos reguladas no artigo 9 do RD 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, se axustará ao establecido no proxecto de obra e os medios previstos para a dita valoración in situ deberán ser aprobados pola dirección facultativa.*

- 4. Deberá constar un exemplar do Plan de Xestión de Residuos e un exemplar do Plan de Seguridade e Saúde no Traballo na obra en poder do contratista ou persoa que o represente a disposición da dirección facultativa e demais autoridades competentes en cada unha das materias.*
- 5. Ambos plans unha vez aprobados pasarán a formar parte dos documentos contractuais da obra.*

*O presente acordo notifíquese ao contratista e demais persoas con responsabilidade nas materias obxecto destes plans."*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.